

## **REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DE DISTINTIVO DE RESIDENTES POR RAZÓN DE DOMICILIO PARTICULAR EN ZONA VERDE.**

- Estar empadroado nalgún domicilio radicado dentro do ámbito territorial da zona para a que se solicita a tarxeta.
- Que o vehículo, segundo o Perm iso de Circulación, sexa propiedade da persoa que solicita a tarxeta (excepto réxime de renting) e que o domicilio no que se paga o imposto coincida co anterior.

### **Documentación a presentar para vehículo en propiedade:**

- Solicitud en impreso oficial
- Declaración xurada de non ser titular dunha praza de parking municipal.
- Fotocopia do DNI, tarxeta de residencia, pasaporte ou análogo. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse a mesma, achegando fotocopia do documento oficial de identidade do representante e autorización asinada polo representado.
- Fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo.
- Fotocopia do último recibo pagado do seguro.

### **Documentación a presentar para residentes con vehículo en réxime de leasing ou renting:**

- A mesma que se esix e no parágrafo anterior e, a maiores, fotocopia do contrato de leasing ou renting. (É necesario mostrar o orixinal para o seu cotexo)

### **Documentación a presentar para residentes con vehículo de empresa:**

- Solicitud en impreso oficial
- Declaración xurada de non ser titular dunha praza de parking municipal.
- Fotocopia do DNI, tarxeta de residencia, pasaporte ou análogo. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse a mesma, achegando fotocopia do documento oficial de identidade do representante e autorización asinada polo representado.
- Fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo.
- Fotocopia do último recibo pagado do seguro.
- Autorización da empresa para facer uso do vehículo de maneira única e exclusiva e fóra do horario de traballo.

Poderáanse conceder ata un máximo de **3 tarxetas** de residentes para un mesmo domicilio ou a un mesmo titular para un segundo ou terceiro vehículo, cando o condutor deste sexa o seu cónxuxe, parella de feito debidamente inscrita no rexistro ou descendente consanguíneo en liña recta en primeiro (pais, fillos) ou segundo grado (irmáns) do titular, sempre que estean empadroados no mesmo domicilio.

Neste suposto deberán presentar a maiores dos requisitos descritos anteriormente:

- Fotocopia do Libro ou Libros de Familia exhibíndose o seu orixinal para o cotexo ou certificado de inscrición no rexistro de parellas de feito.
- Fotocopia da póliza do seguro na que apareza como condutor do vehículo.
- Fotocopia do DNI do condutor.